



**Resolución Reitoral que pecha o proceso de execución da sentenza núm. 684/2021 ditada o 17.11.2021 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao coñecer do recurso de apelación 252/2021 seguido a instancia do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da actividade física e do deporte de Galicia (COLEF).**

A sentenza do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 da Coruña, ditada no procedemento 175/2020, seguido a instancia do COLEF contra a Resolución Reitoral da UDC do 02.03.2020 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión de unha praza da escala técnica de grao medio (subescala deportes), desestima integramente a demanda presentada polo Colexio.

A sentenza nº684/2021 ditada o 17.11.2021 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación 252/2021, estima o dito recurso e establece que (o subliñado é propio):

*“que con acogimiento del recurso de apelación interpuesto contra la sentencia del Juzgado de lo contencioso administrativo nº 2 de A Coruña de 15 de marzo de 2021, REVOCAMOS la misma, y en su lugar, estimamos el recurso contencioso-administrativo deducido por el Colegio Oficial de Licenciados en Educación Física y en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte de Galicia (COLEF Galicia) frente a la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto contra la resolución de 2 de marzo de 2020 de la Universidad de A Coruña, por la que se convocan pruebas selectivas para provisión de una plaza de la escala técnica de grado medio, subescala deportes, subgrupo A2, vacante en el cuadro de personal funcionario de dicha Universidad, y, en consecuencia, condenamos a la Universidad de A Coruña a exigir en la convocatoria de dicha plaza, como requisito de los candidatos, la titulación de grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte”.*

A sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten adquirido firmeza

Por Resolución Reitoral do 16.03.2023 comezouse o proceso de execución de sentenza ao dispoñer:

**Primeiro.** Deixar sen efecto a Resolución Reitoral do 02.03.2020 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión de unha praza da escala técnica de grao medio (subescala deportes) vacante na Relación de Postos de Traballo desta Universidade.

**Segundo.** Dispoñer a devolución ás persoas que presentaron instancia de participación para concorrer no antedito proceso selectivo dos importes efectivamente satisfeitos en concepto de dereitos de exame.

**Terceiro.** Que se proceda a convocar de novo o dito proceso selectivo esixindo “na convocatoria de dita praza, como requisito dos candidatos, a titulación de grado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte”.

**Cuarto.** Publicar no Taboleiro Electrónico da UDC e na web do proceso selectivo esta Resolución.

Por Dilixencia de Ordenación do 06.09.2023 (notificada o 13.09.2023) requírese á Universidade para que leve a sentenza a puro e debido efecto no prazo de 10 días.

Por isto, vista a fase na que se atopaba o proceso selectivo e, en cumprimento e execución da precitada sentenza, de acordo co dispostos no artigo 104 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa (BOE nº 167, do 14 de xullo), no uso da competencia atribuída polo dispostos no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE nº 70, do 23 de marzo), nos artigos 22.b, 34 e 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG nº 100, do 26 de maio) e na Resolución Reitoral do 14 de xaneiro de 2020, pola que se establece a

Código Seguro De Verificación	k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	28/09/2023 16:39:31
Observacións			Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			





estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade de A Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, esta Xerencia RESOLVE

**Primeiro.** Ordenar ao Servizo de Persoal de Administración e Servizos que complete os trámites para a publicación da convocatoria dunha praza da escala técnica de grao medio (subescala deportes) vacante na Relación de Postos de Trballo desta Universidade, nos termos expostos nesta resolución e de acordo coa sentenza núm. 684/2021 ditada o 17.11.2021 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao coñecer do recurso de apelación 252/2021 seguido a instancia do COLEF, tal e como dispuxo o punto terceiro da Resolución Reitoral do 16.03.2023 precitada.

**Segundo.** Publicar no Taboleiro Electrónico da UDC e na web do proceso selectivo esta Resolución

Contra a presente Resolución, que se dita en execución de sentenza, non cabe recurso ningún, agás as actuacións que os interesados podan promover perante o Xulgado nº 2 do Contencioso Administrativo da Coruña.

A Coruña, a data da sinatura dixital

O reitor

P.D: O xerente (RR 14.01.2020)  
Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	28/09/2023 16:39:31
Observacións			Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/k1/THhwFLPpCd07DpKrGQQ==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

